

ANUNCIO PREVIO.- Como vemos que non atenden os rogos dos grupos da oposición e tras presentalos nos plenos e asumir Vostede o compromiso de atendelos nunca fai nada, a partir de este pleno imos a ir arrastrando e repetindo continuamente nos plenos seguintes os rogos que vexamos que non son atendidos.

## PREGUNTAS

1. ¿Que valoración fai o equipo de goberno da recente sentenza Nº59/2021 do Xulgado Contencioso Administrativo Nº3 de Pontevedra de 12 de marzo de 2021 que condena o Concello de Caldas de Reis a pagar 672.816,45 euros de principal mais 81.530,61 euros de interese legal, e dicir, **un total de 754.347,06 euros** a promotora do edificio da rúa Real onde o Concello foi condenado a facer un derrubo parcial posto que os tribunais anularon no seu día a licencia de obra concedida? ¿Como pensan afrontar este pago, con cargo o orzamento ou pedindo un préstamo?
2. O 19/8/2019 presentamos escrito de petición a Alcaldía de arranxo da fonte de Moar no lugar de Follente na parroquia de Bemil ¿Cando pensan Vostedes atender a demanda dos veciños do lugar e proceder os arranxos solicitados para esta fonte?
3. ¿Cando pensan Vostedes rematar os trámites administrativos e de adquisición dos terreos para executar as rotondas de Bemil e a de Carracedo no nodo da AP9 prometidas e presentadas no seu día?

## ROGOS

1. Que se poña un espello no encontro da pista que ven dende o Campo do Lobo e Paradela ca estrada que pasa por diante da igrexa de San Xusto e da reitoral.
2. Que se atenda a de petición dun veciño de Follente que precisa que se sinale unha zona de estacionamiento para un vehículo de Protección Civil.
3. Que se repare o firme da estrada que vai dende Reirís, na parroquia de San Andrés de Cesar, a San Clemente que se atopa nun estado lamentable, que se movan os contenedores que se atopan nesa estrada e que se atopan nun lugar que permite que se convirta nunha escombreira, e que se limpe a de lixo a ubicación actual de esos contenedores. (Este rogo xa llo trasladamos varias veces e seguen sen fazer nada).
4. Voltamos a reiterar por enésima vez, e ademais tratase dun tema urxente, que se movan os contenedores do lixo que se atopa na rúa Monxas o carón do portal do acceso o colexio.
5. Que valoración fai Vostede do feito de que o 18/2/2021 emitira un informe asinado por Alcaldía e Intervención no que ven a recoñecer que a enorme baixada de investimento en medio ambiente dos orzamentos 2017 a 2020, de maneira que a caída e continua chegando o extremo de que no ano 2020 o orzamento adicou tan só 49.058,66 euros a medio ambiente (32,26 euros por

habitante), cando no ano 2017 se adicaban 105.625,94 euros, e dicir, áñda que o orzamento xeral foi medrando o investimento total en medio ambiente reduxose un 53,55%. Este é o exemplo claro da vontade real de coidado do medio ambiente do seu goberno, e por certo, tamén se pode observar a man que tivo o BNG no orzamento 2020 que foi negociado.

6. Que se proceda a rehabilitación e limpeza dos parques infantís, agora que están abertos para o uso dos nenos, tanto os do casco urbano como os das parroquias, posto que se atopan, a maioría nun estado lamentable.

7. Rogamoslle que no volten a pagar unha soa factura con reparo de legalidade, estase poñendo como costume pagar todas as facturas con informe negativo de intervención, e moitas delas por faltas graves, concretamente o informe de intervención indica que en todo o ano 2020 se emitiron 152 reparos de legalidade, e só no período dende o 18/5/2020 a 31/12/2020 se emitiron 272 reparos de legalidade. Comunicamoslle tamén o seu equipo de goberno que estamos estudiando a posibilidade de trasladar esta situación o Consello de Contas para que a analice.